



**A. C.-C. TERRA DE OUTES**

Local Social do Cruceiro

Cruceiro de Roo, 4

OUTES-15287

Estimadas amigas e amigos:

Reanudando a nosa tradición anual, no mes de xullo, Terra de Outes organiza unha **churrascada** para todos os socios/as e colaboradores/as, á cal están tamén coñvidados os familiares e amigos dos que calquera invitado/a desexe vir acompañado/a, coa condición de apuntarse para a mesma cunha semana de antelación, a fin de saber coa maior exactitude posible a cantidade de comida e bebida que vai ser necesaria.

A churrascada vai ter lugar o **sábado 17 de xullo** na área recreativa que o Liceo de Noia posúe en Ceilán e pón á nosa disposición. Comenzará a prepararse ás 13 horas e mentres a carne chega ao seu punto, que será en torno ás 14 h., teremos unhas sardiñas asadas de entrante e uns viños para os adultos e refrescos para menores de idade.

Durante a sobremesa, aproximadamente ás 17:00 horas, no mesmo lugar presentaremos o nº 55 da nosa revista *Terra de Outes*.

Para vir á comida é preciso que confirmeades a vosa asistencia—e digades se ides traer acompañante/s— antes do venres 9 de xullo, no teléfono 634 416 574 ou no enderezo electrónico [terradeoutes@gmail.com](mailto:terradeoutes@gmail.com). Se unicamente ides asistir á presentación da revista, non é necesario anotarse con antelación e estades invitados a un café e chupiños se vos apetece.

Un cordial saúdo  
Ramón Blanco Fernández  
Secretario da A. C.-C. TERRA DE OUTES  
Outes, 28 de xuño de 2021